

## **O PSdeG-PSOE de Baralla denuncia que o Alcalde permita “un vertedoiro incontrolado” no campo da feira**

**Os socialistas presentarán unha moción no vindeiro Pleno para esixir ó goberno municipal a elaboración dun programa de recollida de plásticos agrícolas nas explotacións gandeiras, así como acometer a limpeza de dito espazo de xeito inmediato, pois nel acumúlase unha gran cantidade destes residuos**

**Aseguran que a entidade local non ten habilitado un espazo de abastecemento para este tipo de lixo; o que provocou que o Rexedor permitise “este almacén de plásticos, sen ningún tipo de control”**

**Consideran que o Concello non pode obviar este asunto de tanta importancia para un sector profesional tan relevante neste territorio e de tanta transcendencia medioambiental, polo que “debe adoptar medidas para facilitar a supervivencia e xestión de explotacións, así como a adaptación nos seus procedementos ás normativas vixentes”**

O PSdeG-PSOE de Baralla volve a denunciar o “abandono absoluto” no que o Alcalde ten algúns espazos públicos deste municipio. Deste xeito, o secretario de organización do PSOE, Manuel Fernández, anuncia que no vindeiro Pleno presentarán unha moción para esixir ó goberno municipal a elaboración dun programa de recollida gratuíta de plásticos agrícolas nas explotacións gandeiras, así como acometer a limpeza do campo da feira de xeito inmediato, xa que este lugar “estase a converter nun vertedoiro incontrolado”.

O Concello de Baralla ten un amplo tecido de explotacións agrogandeiras que representan un pilar básico da economía das familias deste municipio. A situación económica destas está a sufrir un momento de dificultade extrema por dúas razóns principais: a merma de ingresos, motivada en boa parte polo abaratamento dos prezos do leite e carne, e o imparable incremento dos custes de produción, forraxes, pensos, combustibles, etc. Ademais, no caso concreto deste municipio, as explotacións gandeiras atópanse con outra dificultade: o tratamento de residuos das súas explotacións, máis concretamente o dos plásticos agrícolas.

Manuel Fernández que, asegura que este municipio non ten habilitado un espazo de abastecemento para este tipo de residuos, subliña que “o Alcalde decidiu permitir un vertedoiro no campo da feira; algo que vén a representar un trastorno na organización e na economía destas explotacións, ou significar un incremento de custes, e tamén unha disposición de tempo para os traslados do lixo ó punto limpo”.

### **“O Concello non pode obviar este asunto”**

Neste senso, o voceiro municipal socialista subliña que “o Concello de Baralla non pode obviar este asunto de tanta importancia para un sector profesional tan relevante no seu territorio e de tanta transcendencia medioambiental”, polo que “debe adoptar medidas para facilitar a supervivencia e xestión de explotacións, así como a adaptación nos seus procedementos ás normativas vixentes”.

### **Máis espazos públicos abandonados**

Manuel Fernández destaca, así mesmo, que “é unha mágoa que esta semana teñamos que volver a saír nos medios de comunicación para denunciar outro espazo público abandonado. Hai uns días denunciámos o estado lamentable das beiravías da Avenida de Fabeiro que, malia ser unha zona moi transitada polos viandantes e veciños da localidade ó estar situadas moi preto do cuartel da Garda

Civil, dende hai anos están totalmente levantadas, o que provoca que sexan un grave risco para a seguridade dos cidadáns”.

Deste xeito, “o vertedoiro incontralado” que se está a crear no campo da feira, é outro exemplo “da xestión nefasta que está a facer o Concello, cuxo Alcalde, malia ser coñecedor de ambos os dous problemas, non está a facer nada para solucionar a situación”.

Por este motivo, destaca o socialista, “pedirémolles explicacións ó Sr. Capón. Pedirémolles solucións concretas con prazos concretos para arranxar este problema. Por iso solicitarémolles que inclúa no Orzamento de 2014 unha partida económica específica destinada á reparación destes espazos que, ademais, son moi transitados polos veciños e constitúen un grave risco para a saúde dos veciños. Calquera persoa pode tropezar na Avenida Fabeiro e calquera pode comprobar o estado lamentable no que se atopa o campo da feira, cun aspecto e un cheiro totalmente insoportables”.

25 de novembro de 2013

**Saúdos,**  
**Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**